

Obradoiro de xabóns

Actividade: Elaboración de xabóns de glicerina

Material: Glicerina en barra, flores, avena, arxila, aceites esenciais, culleres, cociña, botes para derreter, batedor, moldes de silicona, spray de alcohol.

Destinatarios: 3º e 4º de primaria

Data: 5 y 6 xuño

Descrición da actividade: Elaboramos xabóns derretendo una barra de glicerina e engadindo os distintos elementos que queremos ter para dar propiedades nutritivas extra ás nosas mans. Primeiro, poñemos as flores decorativas no fondo do molde. Despois, derretemos a glicerina nunha cunca resistente ao calor e engadimos as sustancias removendo mentres está líquido, por exemplo arxila vermella, arxila verde, aceite esencial de romeu, de árbore de té... Cando o xabón quede como queremos, vertémolo nos moldes e cun spray agregamos alcohol por enriba para eliminar as burbullas que se producen. Deixamos que solidifique e retiramos ao día seguinte.

